

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

834 *Real decreto 18/2014, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o estatuto do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).*

O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) é un organismo público dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a través da Secretaría de Estado de Enerxía, de acordo co establecido no artigo 2.6 do Real decreto 344/2012, do 10 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

O IDAE créase mediante a disposición adicional vixésimo primeira da Lei 46/1985, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, como unha entidade de dereito público para a xestión e o desenvolvemento da política de aforro, conservación e diversificación da enerxía, por transformación do entón organismo autónomo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, adscrito ao Ministerio de Industria e Enerxía, nunha entidade de dereito público das previstas no artigo seis.un.b) da Lei 11/1977, do 4 de xaneiro, xeral orzamentaria, que conserva a súa mesma denominación. Ao propio tempo, a disposición adicional mencionada regulou a súa natureza e réxime xurídico, fins e funcións, recursos económicos e demais previsións legais necesarias e remitiu a organización do ente público a unha norma regulamentaria.

En cumprimento de tal previsión aprobouse o Real decreto 802/1986, do 11 de abril, polo que se establece o estatuto do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, que foi posteriormente modificado polo Real decreto 252/1997, do 21 de febreiro, a disposición adicional terceira do Real decreto 2100/1998, do 25 de setembro, de estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria e Enerxía, e o Real decreto 1566/2010, do 19 de novembro. Adicionalmente, e como consecuencia da previsión contida na disposición transitoria terceira da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que obriga a adaptar os organismos autónomos e demais entidades de dereito público á tipoloxía de organismos públicos prevista no seu artigo 43, o IDAE quedou configurado, en virtude do artigo 72 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, como unha entidade pública empresarial das previstas na alínea b) do número 1 do mencionado artigo 43, o que fai necesario adecuar a súa estrutura ao disposto no artigo 62.1 da Lei 6/1997, do 14 de abril.

Posteriormente aprobáronse outras normas que conteñen previsións aplicables á estrutura organizativa do IDAE e á súa actividade, como son, en particular, o Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos do sector público empresarial e outras entidades; a Orde do 12 de abril de 2012, do ministro de Facenda e Administracións Públicas, pola que se aproba a clasificación das entidades públicas empresariais e outras entidades de dereito público, e o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, que na súa disposición adicional décimo segunda encomendou ao IDAE novos fins e funcións; atribuíulle, ademais, na disposición adicional décimo terceira a condición de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración, para efectos do disposto no artigo 24.6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e autorizou o Goberno, na súa disposición derradeira quinta, para ditar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación.

Como consecuencia de tales previsións, considérase procedente aprobar un novo estatuto actualizado e acorde cos tempos e, por tanto, derrogar o Real decreto 802/1986, do 11 de abril, até agora vixente, de acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei 6/1997, do

14 de abril, que precisa que os estatutos dos organismos autónomos e entidades públicas empresariais se aprobarán por real decreto do Consello de Ministros, por iniciativa do titular do ministerio de adscrición e por proposta conxunta dos ministros de Administracións Públicas e de Economía e Facenda, hoxe Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Industria, Enerxía e Turismo e por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xaneiro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do estatuto da entidade pública empresarial Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía.*

Apróbase o estatuto da entidade pública empresarial Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 802/1986, do 11 de abril, polo que se establece o estatuto do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de xaneiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

ESTATUTO DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA

CAPÍTULO I

Natureza, réxime xurídico e fins

Artigo 1. *Natureza.*

1. O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) é unha entidade pública empresarial das previstas no artigo 43.1.b) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

2. A entidade pública empresarial IDAE ten personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión para o cumprimento dos seus fins.

3. O IDAE estará adscrito ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a través da Secretaría de Estado de Enerxía, á cal corresponde a súa dirección estratéxica e a avaliación e o control de eficacia das súas actuacións, nos termos previstos nos artigos 43 e 59 da Lei 6/1997, do 14 de abril.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

1. O IDAE rexerase pola disposición adicional vixésimo primeira da Lei 46/1985, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1986; pola Lei 6/1997, do 14 de abril; polas disposicións adicionais décimo segunda e décimo terceira do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade; pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, no previsto para as entidades públicas empresariais, polo presente estatuto e polas demais disposicións legais de aplicación ás entidades públicas empresariais.

2. O IDAE estará suxeito ao dereito privado, excepto na formación da vontade dos seus órganos, no exercicio das potestades administrativas que teña atribuídas e naqueles outros aspectos en que así se estableza especificamente nos seus estatutos ou resulte do previsto para as entidades públicas empresariais na Lei 6/1997, do 14 de abril.

Artigo 3. *Fins e funcións.*

1. Serán fins e funcións do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía os seguintes:

a) Propor, adoptar e, se for o caso, executar as directrices, medidas e estudos que sexan precisos para obter o nivel idóneo de conservación, aforro e diversificación enerxética nos sectores industriais, agrícola ou de servizos, para o cal pode realizar calquera clase de actividades e servizos tanto en relación coas administracións e empresas públicas como con calquera entidade, empresa e persoa privada.

b) Analizar, determinar, propor e, se for o caso, executar as medidas necesarias para obter políticas sectoriais eficaces, fomentar a utilización de nova tecnoloxía en equipamentos e proxectos e incentivar o uso de novas fontes de enerxía, a racionalización do consumo e a redución dos custos enerxéticos.

c) Analizar, definir, propor e aplicar programas tendentes a investigar as fontes de enerxías renovables á oferta enerxética.

d) Asignar e controlar calquera subvención e incentivo financeiro para fins de conservación, aforro, diversificación e desenvolvemento enerxético. Igualmente, o Instituto poderá exercer funcións de axencia, mediación ou creación de vías de financiamento para empresas ou para entidades en xeral que sexan adecuadas para a consecución dos obxectivos definidos.

e) Para os efectos previstos nos números precedentes, o Instituto poderá desenvolver actividades de asistencia técnica, enxeñaría de servizos, consultoría,

dirección ou execución de obra, asesoramento e comercialización, en xeral, de produtos, patentes, marcas, modelos e deseños industriais, realizar investimentos, directa ou indirectamente, en proxectos de interese enerxético e en sociedades xa constituídas ou de nova creación.

f) Apoiar o desenvolvemento das tecnoloxías orientadas á descarbonización da xeración eléctrica.

g) Prestar asistencia técnica e económica ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, cando expresamente se lle requira, nos procedementos administrativos, xudiciais ou arbitrals en que sexa parte a Administración xeral do Estado.

h) Desenvolver as funcións de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral do Estado e os organismos e entidades dependentes dela, para os traballos que se lle encomenden.

i) Realizar, en xeral, cantas funcións e actividades afecten a promoción e xestión do aforro enerxético e a conservación, diversificación e desenvolvemento da enerxía.

j) Calquera outra función que se lle atribúa legal ou regulamentariamente.

CAPÍTULO II

Órganos de goberno e réxime de funcionamento

Artigo 4. *Órganos de goberno.*

Os órganos de goberno do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía serán:

- a) O presidente.
- b) O Consello de Administración.
- c) O director xeral.

Artigo 5. *O presidente.*

1. O presidente do IDAE serao tamén do Consello de Administración.
2. Serán facultades do presidente do IDAE:

- a) Exercer a alta representación do Instituto.
- b) Velar polo cumprimento deste estatuto e dos acordos adoptados polo Consello de Administración e, se for o caso, da Comisión Executiva.
- c) Exercer a alta inspección dos servizos da entidade e a vixilancia do desenvolvemento da súa actividade.
- d) As demais facultades e funcións que lle atribúan estes estatutos, lle delegue, se for o caso, o Consello de Administración ou lle correspondan de conformidade coa normativa vixente.

3. O presidente da entidade, como presidente do Consello de Administración, dirixirá as deliberacións e demais tarefas do Consello de Administración e convocará, presidirá e fixará a orde do día das reunións do Consello de Administración.

4. En casos de vacante, ausencia, enfermidade ou imposibilidade de asistencia por calquera outra causa, o presidente do Consello de Administración será substituído, por esta orde, polo vicepresidente ou polo titular da Dirección Xeral da entidade.

Artigo 6. *Consello de Administración.*

1. O Consello de Administración será o órgano superior de goberno da entidade.
2. O Consello de Administración estará integrado polos seguintes membros:
 - a) O presidente, que será o titular da Secretaría de Estado de Enerxía do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.
 - b) O vicepresidente, que será o titular da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

c) Sete vogais:

1.º O director xeral da entidade.

2.º Dous representantes designados entre persoas de recoñecida competencia ao servizo da Administración xeral do Estado, garantindo a adecuada representación no Consello de Administración das áreas relacionadas directamente coas competencias propias do IDAE.

3.º Un representante do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co disposto no artigo 13.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

4.º Tres representantes designados entre persoas de recoñecida competencia en materia enerxética do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Asistirá como secretario o titular da Secretaría Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, que actuará con voz pero sen voto.

3. Os vogais do Consello de Administración serán designados polo titular do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, por proposta do titular do departamento, órgano ou organismo a que pertenzan, ou do titular da Secretaría de Estado de Enerxía, no caso dos representantes previstos na alínea c).4.º

4. Así mesmo, poderán asistir ás sesións do Consello de Administración, con voz pero sen voto, todas aquelas persoas que sexan convocadas polo seu presidente, en calidade de expertos nas materias incluídas na orde do día, coa finalidade de prestaren a debida asistencia ao Consello, sen que a súa asistencia signifique dereito á percepción de ningunha retribución.

Artigo 7. *Funcións do Consello de Administración.*

1. Ao Consello de Administración corresponderanlle, conforme o presente estatuto e de acordo co previsto na lexislación vixente, as seguintes funcións:

a) Organizar, dirixir e inspeccionar o funcionamento da entidade.

b) Regular o funcionamento do propio Consello e demais órganos da entidade, no non previsto polo presente real decreto.

c) Aprobar, logo de elevación ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, os orzamentos de explotación, orzamentos de capital, memoria e programa de actuación plurianual, para efectos da súa correspondente tramitación consoante a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

d) Aprobar as contas anuais da entidade, de acordo co regulado na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

e) Autorizar os actos e contratos que sexan necesarios ou convenientes para a realización dos fins do Instituto, calquera que for o seu título xurídico e o seu contido ou contía, sen prexuízo das necesarias autorizacións previstas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

f) Autorizar os investimentos e operacións financeiras da entidade, incluídas a constitución e participación en sociedades mercantís, logo de cumprimento dos requisitos legais necesarios.

g) Autorizar os gastos e dispor dos fondos da entidade, así como reclamálos e cobralos consoante as normas mercantís e demais normativa de aplicación.

h) Acordar o conveniente sobre o exercicio das accións xudiciais e recursos que correspondan á entidade en defensa dos seus intereses.

i) Aprobar e ordenar, por proposta do titular da Dirección Xeral do Instituto, a organización interna da entidade e os criterios para a selección, admisión e, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a retribución do persoal. En particular, corresponde ao titular do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo propor as retribucións complementarias do persoal directivo da entidade, de acordo co

Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades.

j) Nomear e separar o titular da Secretaría Xeral da entidade e demais persoal directivo, atendendo aos principios e criterios establecidos no artigo 13.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, por proposta do titular da Dirección Xeral do Instituto.

k) Delegar, con carácter indefinido ou temporal, determinadas funcións no seu presidente, nos membros do Consello e no titular da Dirección Xeral do Instituto.

l) Conferir apoderamentos especiais para casos concretos, sen limitación de persoas.

m) Promover cantas medidas xerais contribúan ao mellor desenvolvemento dos fins públicos da sociedade en materia de diversificación e aforro do consumo de enerxía, fomentando os acordos e colaboracións externas necesarios.

2. A anterior enumeración de funcións do Consello entenderase sen prexuízo das súas facultades xerais no que atinxe á representación, goberno, xestión e administración da entidade, salvo o establecido expresamente pola lei e neste estatuto.

3. Non poderán ser obxecto de delegación as facultades que correspondan ao Consello de Administración, segundo o teor do número 1, alíneas b), c), d), i), j), k) e l), do presente artigo, nin aqueles actos de disposición que supoñan compromisos ou asignacións por contía superior a 600.000 euros.

4. Toda delegación indefinida de facultades do Consello no presidente, membros do Consello e no titular da Dirección Xeral do Instituto requirirá o voto favorable das dúas terceiras partes dos seus compoñentes.

5. O Consello de Administración poderá constituír unha ou máis comisións delegadas ou grupos de traballo para o exercicio de estudos ou a análise de cuestións específicas, fixando ao constituílas o alcance desta delegación, as súas normas de funcionamento e o número de conselleiros que deben formar parte delas. Na súa falta, serán de aplicación as normas establecidas para o Consello de Administración nos presentes estatutos.

Actuará como secretario delas quen o for do Consello de Administración.

6. As resolucións que dite o Consello de Administración no exercicio de potestades administrativas porán fin á vía administrativa, de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta.3 da Lei 6/1997, do 14 de abril.

7. Corresponderá ao presidente do IDAE ordenar, mediante resolución, a publicación no «Boletín Oficial del Estado» daqueles acordos adoptados polo Consello de Administración que pola súa natureza o precisen.

Artigo 8. *Réxime xurídico do Consello.*

O réxime xurídico do Consello de Administración, así como as facultades e atribucións dos seus vogais e demais membros, será o previsto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo das peculiaridades establecidas neste estatuto.

Artigo 9. *Funcionamento.*

1. O Consello de Administración reunirse mensualmente, despois da convocatoria do seu presidente, en sesión ordinaria e, cando sexa necesario, por proposta do presidente ou de ao menos tres conselleiros, en sesión extraordinaria.

2. A convocatoria deberá facerse por escrito e notificarse a cada conselleiro, facendo constar a data, a hora e o lugar da reunión, a orde do día e a información sobre os temas que se van tratar, todo isto cunha anticipación mínima de corenta e oito horas. Así mesmo, poderase establecer unha segunda convocatoria media hora máis tarde, como mínimo, da hora prevista en primeira convocatoria.

Non obstante o anterior, non será necesaria a convocatoria previa do Consello para que este se reúna se están presentes todos os conselleiros e deciden, por unanimidade, celebrar sesión, conforme a orde do día que puideren aprobar, así mesmo, por unanimidade.

3. Para a válida constitución do Consello, para efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, será necesaria a presenza do presidente e do secretario ou de quen os substitúa e, cando menos, requirirase a presenza da metade máis un dos conselleiros. En segunda convocatoria será suficiente, ademais do presidente e secretario, ou de quen os substitúa, coa asistencia da terceira parte dos conselleiros.

4. Os acordos adoptaranse por maioría dos conselleiros. En caso de empate, o presidente terá voto de calidade.

5. De cada sesión será elaborada unha acta polo secretario, que se aprobará na mesma ou na seguinte sesión, segundo determine o Consello de Administración.

A acta deberá ir asinada polo secretario coa conformidade do presidente, e expedirase certificación dos acordos do Consello de Administración de igual forma.

Artigo 10. *O director xeral.*

1. O titular da Dirección Xeral, que terá a consideración de máximo responsable do IDAE, será o órgano executivo a que corresponden as funcións de xestión, administración, dirección e representación ordinaria da entidade e a través do cal se fan efectivos os acordos do Consello.

2. O titular da Dirección Xeral será nomeado e separado por real decreto acordado no Consello de Ministros, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, atendendo a principios de mérito, capacidade e idoneidade.

3. Corresponden ao titular da Dirección Xeral as seguintes funcións e facultades:

a) Exercer a representación ordinaria da entidade para a celebración de calquera acto ou negocio xurídico, sen prexuízo doutras representacións especiais que poida outorgar o Consello de Administración.

b) Asistir o presidente do Consello de Administración na vixilancia e cumprimento do estatuto.

c) Executar os acordos do Consello de Administración.

d) Ordenar os gastos e os pagamentos de gastos correntes e de persoal, así como os que con carácter específico ou xenérico lle poida delegar o Consello de Administración.

e) Exercer a dirección de persoal e de servizos, actividades e prestacións do Instituto, así como o impulso e coordinación destas.

f) Outorgar toda clase de poderes, conforme as autorizacións aprobadas polo Consello.

g) Contratar o persoal do Instituto, conforme os criterios definidos polo Consello de Administración e o establecido, se for o caso, no correspondente convenio colectivo e na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

h) Propor ao Consello de Administración o nomeamento e separación do persoal directivo do Instituto.

i) Aprobar os proxectos de estudos, obras ou servizos e negocios xurídicos en xeral até unha cantidade de 120.202 euros.

j) Representar o Instituto, por delegación do Consello, no exercicio de calquera acción e recurso e ante calquera persoa ou entidade pública ou privada.

k) Exercer as atribucións que lle encomende o Consello de Administración e delegalas, logo de autorización do propio consello.

4. A anterior relación de atribucións do titular da Dirección Xeral enténdese sen prexuízo das correspondentes ao Consello de Administración e, se for o caso, á Comisión Executiva.

5. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o titular da Dirección Xeral será substituído pola persoa que designe o Consello de Administración. En caso de urxencia, o

presidente do Instituto poderá designar, a título provisorio, un substituto, que deberá ser confirmado polo Consello de Administración convocado para tal efecto.

6. O titular da Dirección Xeral, cando o considere necesario, poderá delegar todas as súas atribucións, excepto as mencionadas nas alíneas b), e), f), g), h) e i) do número 3 deste mesmo artigo.

CAPÍTULO III

Outros órganos

Artigo 11. *A Comisión Executiva.*

1. O Consello de Administración, para o mellor cumprimento dos seus fins, poderá crear unha comisión executiva que, como órgano de apoio dependente dese consello, estará integrada polos seguintes membros:

- a) O presidente, que será o titular da Dirección Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía.
- b) Tres vogais, que serán designados polo titular da Secretaría de Estado de Enerxía do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo de entre os membros do Consello de Administración.
- c) O secretario, que será o titular da Secretaría Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía.

2. Corresponden á Comisión Executiva as seguintes atribucións:

- a) Elaborar anualmente e elevar ao Consello de Administración para a súa aprobación os programas, os orzamentos e as contas anuais da entidade.
- b) Coñecer e emitir informe previamente sobre os asuntos que vaia someter ao Consello de Administración o titular da Dirección Xeral.
- c) Aprobar as subvencións ou axudas e contratacións de contía de entre 120.202 e 600.000 euros, e coñecer o destino, importe e aplicación das concedidas e concertadas por contía inferior á citada desde a súa última reunión.
- d) Efectuar o seguimento e control dos obxectivos e plans de actuación do Instituto.
- e) Exercer aquelas outras atribucións que o Consello de Administración lle encomende ou delegue.

Artigo 12. *A Comisión Consultiva de Aforro e Eficiencia Enerxética.*

1. Como órgano de asesoramento do IDAE, e dependente do Consello de Administración, créase a Comisión Consultiva de Aforro e Eficiencia Enerxética.

2. A Comisión estará integrada polos seguintes membros:

- a) O presidente, que será o titular da Secretaría de Estado de Enerxía do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.
- b) O vicepresidente, que será o titular da Dirección Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía.
- c) Vogais:

1.º Un representante de cada unha das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, designados polo titular do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, por proposta do órgano competente de cada comunidade ou cidade con estatuto de autonomía.

2.º Dous representantes da Administración xeral do Estado, designados polo titular do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, por proposta do titular da Secretaría de Estado de Enerxía.

d) O secretario, que será o titular da Secretaría Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, con voz e voto.

3. A Comisión terá as seguintes funcións:

a) Actuar como órgano consultivo do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, en materia de aforro e eficiencia enerxética.

b) Recoller e estudar as suxestións e proxectos das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla en materia de aforro e diversificación enerxética.

c) Participar, mediante proposta ou informe, no proceso de elaboración da planificación das actuacións xerais do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía.

d) Analizar as implicacións das diferentes actuacións e programas que tanto o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía como as administracións autonómicas realizan en favor de obxectivos de aforro e eficiencia enerxética.

e) Analizar as estatísticas enerxéticas rexionais relacionadas cos fins e funcións do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, sobre a base da información elaborada polas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla dentro do exercicio das competencias que recoñezan os seus respectivos estatutos e que sexan proporcionadas á Comisión por aquelas.

f) Calquera outra función que lle sexa encomendada polo Consello de Administración do Instituto.

Artigo 13. *A Secretaría Xeral do Instituto.*

1. Corresponderán á Secretaría Xeral do Instituto as funcións previstas polo presente estatuto, así como as que lle atribúa o Consello de Administración, por proposta do director xeral da entidade.

2. O titular da Secretaría Xeral será nomeado e separado de acordo co disposto no artigo 7.1.j) deste estatuto.

CAPÍTULO IV

Persoal da entidade

Artigo 14. *Réxime de persoal.*

1. Todo o persoal do Instituto se rexerá polas normas de dereito laboral, coas especificacións contidas na Lei 6/1997, do 14 de abril, e na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, en todo aquilo que lle sexa de aplicación. Así mesmo, estará sometido ao réxime de incompatibilidades previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

2. Terá a consideración de persoal directivo do Instituto, ademais do titular da Secretaría Xeral, o persoal que leve a cabo a planificación e a coordinación de actividades propias dun ámbito concreto de actuación, o establecemento de obxectivos e o control do seu cumprimento, así como a dirección do equipo ou equipos de traballo que se lle asignasen, e queda suxeito ao réxime laboral especial de alta dirección. Estas funcións exerceranse con autonomía e responsabilidade, só limitadas polos criterios e instrucións emanadas do titular da Dirección Xeral.

3. O persoal directivo desempeñará o seu cargo con dedicación absoluta, plena independencia e total obxectividade, someténdose no desenvolvemento das súas misións a avaliación, conforme os criterios de eficacia, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados. Deberá, así mesmo, observar os deberes de dilixencia, discreción e sxiro profesional no desempeño do seu cargo.

4. O persoal directivo será nomeado, de acordo co disposto no artigo 7.1.j) en relación co artigo 10.3.h) deste estatuto, procurando atender ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes, mediante procedementos que garantan a publicidade e concorrencia, conforme os criterios establecidos no número 10 do artigo 6 da Lei

6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, atendendo a principios de mérito, capacidade e idoneidade, así como á experiencia no desempeño de postos de responsabilidade na xestión pública ou privada.

En todo caso, a determinación do número máximo e mínimo de directivos do Instituto, así como as súas condicións e réxime retributivo, axustaranse ao disposto pola normativa aplicable ao persoal ao servizo das entidades públicas empresariais.

5. O resto de persoal será seleccionado mediante convocatoria pública baseada nos principios de igualdade, mérito e capacidade.

6. As actuacións en materia de persoal axustaranse aos criterios que poida definir o Consello de Administración, conforme o establecido con carácter xeral na normativa orzamentaria e coas peculiaridades recollidas no presente estatuto.

CAPÍTULO V

Réxime patrimonial

Artigo 15. *Patrimonio e recursos.*

1. O IDAE terá, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio e distinto dos bens adscritos pola Administración xeral do Estado, integrado polo conxunto de bens, dereitos e obrigacións de que sexa titular.

2. A xestión dos bens patrimoniais do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía rexeráse polo disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

3. De conformidade co previsto no número 2 do artigo 65 da Lei 6/1997, do 14 de abril, os recursos económicos do IDAE están constituídos:

a) Polos bens e valores que constitúen o seu patrimonio e os produtos e rendas derivados del, así como polos que a partir desta data poidan ser incorporados e adscritos por calquera persoa ou entidade e por calquera título.

b) Pola achega do Estado para gastos de investimento e funcionamento que se asigne ao Instituto nos orzamentos xerais do Estado.

c) Polos ingresos ordinarios e extraordinarios xerados polo exercicio das súas actividades e a prestación dos seus servizos.

d) Polos créditos, préstamos a medio e longo prazo, empréstitos e demais operacións financeiras que poida concertar para o debido cumprimento dos seus fins e funcións.

e) Polas subvencións e achegas que, por calquera título, sexan concedidas ao seu favor por entidades públicas ou privadas, ou por particulares.

f) Por calquera outro recurso non previsto nas alíneas anteriores que lle poida ser atribuído.

CAPÍTULO VI

Réxime económico e financeiro

Artigo 16. *Réxime orzamentario.*

1. O IDAE elaborará anualmente o seu orzamento de explotación e capital e o programa de actuación plurianual, coa estrutura que sinale o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que, unha vez aprobado polo Consello de Administración, será tramitado da forma establecida pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para as entidades públicas empresariais.

2. O anteproxecto de orzamentos de explotación e de capital xunto cos programas de actuación plurianual serán remitidos electronicamente polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Os orzamentos de explotación e capital integranse nos orzamentos xerais do Estado.

3. O réxime de modificacións orzamentarias será o establecido, con carácter xeral, na Lei 47/2003, do 26 de novembro, para as entidades públicas empresariais.

4. A competencia para autorizar as modificacións orzamentarias que non estean reguladas polo sinalado na Lei 47/2003, do 26 de novembro, corresponderá ao Consello de Administración.

Artigo 17. *Réxime contable e control financeiro.*

1. De acordo co disposto no artigo 58 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, o réxime de control financeiro do IDAE será o establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

2. De conformidade co disposto no artigo 121.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, o IDAE aplicará os principios e normas de contabilidade recollidos no Código de comercio e no Plan xeral de contabilidade da empresa española, así como as súas adaptacións e as disposicións que o desenvolven.

3. Sen prexuízo das competencias de fiscalización atribuídas ao Tribunal de Contas, o Instituto estará sometido ao control exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da intervención delegada nel, nas condicións e nos termos que establece a Lei 47/2003, do 26 de novembro, para as entidades públicas empresariais.

4. A rendición das contas anuais do IDAE será realizada polo director xeral do IDAE de acordo co previsto nos artigos 137 e 139 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 18. *Control de eficacia.*

Corresponde ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo o control de eficacia do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, co obxecto de comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos e a adecuada utilización dos recursos asignados, nos termos previstos polo artigo 59 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, sen prexuízo do establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

CAPÍTULO VII

Réxime de contratación, medio propio instrumental e servizo técnico

Artigo 19. *Réxime aplicable en materia de contratación.*

O réxime de contratación do IDAE será o previsto no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Artigo 20. *Medio propio instrumental e servizo técnico.*

1. O IDAE, nos termos previstos polo presente estatuto, terá a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración para os efectos previstos no artigo 24.6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para a realización de cantos traballos lle encomenden a Administración xeral do Estado e os organismos e entidades públicos vinculados a ela que teñan a consideración de poder adxudicador, en todo o relacionado cos seus fins e funcións, e estará obrigado a realizar os traballos que lle encomenden de acordo coas instrucións fixadas unilateralmente polo encomendante.

2. As actuacións que lle sexan encomendadas ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía estarán definidas, segundo os casos, en proxectos, memorias ou outros documentos técnicos, e valoradas no seu correspondente orzamento, de acordo coas tarifas ou retribucións fixadas polo secretario de Estado de Enerxía, conforme o réxime establecido no número 4.

Antes de formular a encomenda, os órganos competentes do encomendante aprobarán os citados documentos e realizarán os preceptivos trámites técnicos, xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto. A encarga de cada actuación obrigatoria será comunicada formalmente polo encomendante ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, facendo constar, ademais dos antecedentes que procedan, a súa denominación, o prazo de realización, o seu importe, a partida orzamentaria correspondente e, se for o caso, as anualidades en que se financie coas súas respectivas contías, así como o director ou encargado designado para a actuación que se vai realizar. Tamén lle será facilitado o documento en que se defina a actuación, co seu orzamento detallado.

A comunicación de encomenda dunha actuación ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía suporá a orde para iniciala. O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía realizará as súas actuacións conforme o documento de definición que o órgano ordenante lle facilite e seguindo as indicacións do director ou encargado designado para cada actuación.

Para velar pola adecuada realización das actividades obxecto da encomenda constituirase, para cada proxecto, unha comisión de seguimento da cal formarán parte, ao menos, nun cincuenta por cento, os representantes do órgano encomendante. Corresponderá á comisión de seguimento analizar os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir, así como, se for o caso, propor ao órgano encomendante as actuacións que se van realizar.

3. As encomendas retribuiranse mediante tarifas suxeitas ao réxime previsto no número seguinte e levarán unida a potestade, para o órgano que confire a encarga, de ditar as instrucións necesarias para a súa execución.

4. A tarifa ou retribución da encomenda deberá cubrir o valor das prestacións encargadas, tendo en conta para o seu cálculo os custos directos e os indirectos, e unha porcentaxe de beneficio industrial, que poderá oscilar en función dos volumes contratados ou doutras circunstancias obxectivamente atendibles de acordo cos mercados correspondentes, excluindo, en todo caso, calquera partida que poida ter a consideración de axuda pública.

5. As relacións do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía coa Administración xeral do Estado e os seus organismos e entidades dependentes, na súa condición de medio propio instrumental e servizo técnico, non teñen natureza contractual, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

6. O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía non poderá participar en licitacións públicas convocadas pola Administración xeral do Estado e os seus organismos e entidades dependentes que teñan a consideración de poder adjudicador, e dos cales sexa medio propio instrumental, sen prexuízo de que cando non concorran ningún licitador se poida encargar da execución da prestación obxecto delas.

7. O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía someterá, se for o caso, os contratos necesarios para executar as encomendas ás prescricións do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

8. Finalizada a actuación, realizarase o seu recoñecemento e comprobación nos termos legalmente establecidos, expedirase o documento correspondente e procederase á súa liquidación no prazo dos seis meses seguintes.